Nº 10
19/07/2017

Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio Ambiente

Camiño dos faros

Concellos: Percorre os concellos da Costa da Morte: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubión, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas, unindo Malpica con Fisterra.

Recomendacións: O camiño ten 8 etapas de 25 km cada unha, cunha media de nove horas e media. Para os principiantes unha boa opción é facer só a primeira etapa, que inclúe o pintoresco porto de Malpica, tres faros e multitude de estupendas praias. Ademais dunha visión panorámica das Illas Sisargas desde o Cabo San Adrián.

Noticias

Serra do Barbanza adquire novos camións de lixo

Tras os problemas sufridos a semana pasada na recollida de lixos, debido ás continuas avarías dos camións de recollida, a mancomunidade recibiu os tres camións que adquiriu en aluguer á espera de que cheguen os 3 novos vehículos de recollida que a mancomunidade adquirirá en propiedade. Está previsto que a adxudicación da compra de dous dos camións se formalice esta mesma semana.

O pasado día 11 de xullo tivo que suspenderse a recollida xa que só había un camión en funcionamento para a recollida de lixo nos 9 municipios aos que brinda servizo a compañía FCC.

Fonte: La Voz de Galicia

Preocupación da Unesco polo estado do parque de Doñana

En 2016 a Unesco advertiu ao goberno español de que o parque podería perder a súa catalogación de Valor Universal Excepcional si non se melloraba a súa conservación e a deterioración do humedal debido á explotación das augas subterráneas.

Por agora, a organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, deu unha prórroga de preto dun ano ao goberno español para informar do estado do parque de Doñana e previr que sexa inscrito como un Patrimonio en perigo.

Fonte: El Mundo

Algúns biodiesel contaminan máis que os combustibles fósiles

Un informe da Academia Real de Enxeñeiros de Gran Bretaña advirte que algúns biodiesel que se crean con cultivos contaminan máis que os combustibles fósiles aos que están destinados a substituír, o etanol creado a base de trigo ,por exemplo, contamina máis que o propio diesel.

Unha vez considerados todos os factores de produción dos cultivos e a posterior transformación en biodiesel probouse que contaminan moito máis do que inicialmente se pensaba, ademais de que levan a que o prezo deses cultivos aumente e á deforestación de bosques para a plantación de máis cultivos. O informe chama a que se creen máis biocombustibles a través de refugallos, como o aceite de cociña usado.

Fonte: The Guardian

O A68, o iceberg que se desprendeu da Antártida

Hai unha década creouse unha greta na plataforma Larsen C, situada na Antártida, que se foi pronunciando segundo pasaron os anos, ata que o día 12 de xullo de 2017 produciuse o desprendemento dun dos icebergs máis grandes rexistrados ata agora. Ten 5.800 km^2 de superficie, 200 metros de grosor e un peso de máis dun billón de toneladas. A súa separación da plataforma supón a perda do 12% da súa superficie total.

Os ventos e as correntes oceánicas controlarán o seu movemento, por agora segue resistindo como un só bloque, pero espérase que rompa en diferentes segmentos, si non atopa ningún freo viaxará ao redor do continente durante un ano ata que chegue á Pasaxe de Drake, e aí comezará a disiparse.

Fonte: La Vanguardia

O fungo que degrada plástico

Un grupo de indagadores portugueses descubriron un fungo que é capaz de degradar o plástico, trátase do *Zalerion maritimum*, un fungo que xa habita no mar, máis concretamente no océano Atlántico. Nas súas investigacións en laboratorio, illaron ao fungo creando un medio similar ao do mar e contamináronо con plástico, en 7 días o fungo puido reducir un 77% do plástico.

Os expertos creen que as causantes da degradación do plástico son as encimas do fungo, polo que se están centrando en estudalas. O seguinte paso sería o cultivo en masa do fungo para que poida axudar a descontaminar as zonas cheas de plástico dos océanos.

Fonte: ABC

O Museo do Xeo

Na base franco-italiana da Antártida se está levando a cabo un proxecto titulado "Memoria do Xeo", que consiste en tomar mostras de todos os glaciares en perigo do mundo e levalas á Antártida para poder conservalos e poder estudar a historia do clima. As primeiras expedicións foron ao macizo do Mont Blanc nos Alpes franceses, e ao glaciar Illimani en Bolivia. As próximas expedicións serán a Rusia e Nepal.

Fonte: BBC

Sabías que...

si o 40% dos cidadáns se cambiasen ao transporte público reduciríanse 6.600 millóns de toneladas as emisións de gases de efecto invernadoiro ata 2050. O uso de transporte público ademais reduce os atascos nas cidades e a contaminación acústica.

Boas Prácticas

Bicicletas que reducen a contaminación

O deseñador holandés Daan Roosegaarde, que xa creou hai anos un xigantesco purificador capaz de aspirar ata 30.000 m^3 de aire contaminado á hora, está agora traballando co goberno chinés e a Universidade Tsinghua en Pequín para crear unhas bicicletas que absorban o carbón e limpen o aire en dirección ao condutor. Si o prototipo funciona o goberno chinés ten planeado crear un programa para compartir bicicletas, que prevé teña máis de 3 millóns de usuarios por todo o país.

Fonte: Ecoosfera

Nova zona verde en Berdeogas

O concello de Dumbría creou recentemente unha zona verde na parroquia de Berdeogas. As obras prolongáronse durante 6 meses, e o seu importe ascendeu a 82.000€, cantidade financiada na súa totalidade polo Plan de Medio Ambiente (PMA) da Deputación de Coruña.

Fonte: Deputación da Coruña

Costa Rica contra os plásticos dun só uso

O país caribeño pretende, nos próximos 4 anos, ser o primeiro país do mundo cunha estratexia nacional integral para eliminar os plásticos dun só uso.

O pasado 5 de xuño, día do medio ambiente, o país costarriqueño oficializou a Estratexia Nacional para substituír os consumos destes plásticos dun só uso por produtos renovables alternativos e que se deben biodegradar en menos de 6 meses, incluído o medio mariño.

Fonte: El Pais

Os míticos taxis londinienses serán eléctricos

A cidade de Londres, unha das máis contaminadas do continente europeo, decidiu cambiar os seus xa coñecidos taxis negros, que na actualidade funcionan con diesel, por vehículos eléctricos. No ano 2018 se establecerán os novos vehículos TX eléctricos de autonomía estendida, que contan cunha batería de gran capacidade e un pequeno motor de gasolina que fará as funcións de xerador. Teñen unha autonomía eléctrica de 112 quilómetros na que producen cero emisións contaminantes, e a súa recarga nunha toma rápida será duns 20 minutos.

Fonte: El Motor

Axenda Ambiental

- 14/07/2017 – 25/07/2017 Aula móvil de 'Oportunidades Galicia' nas praias dos Concellos da provincia.
- 23/07/2017 - 2º Maratón fotográfico Starlight Illas Cíes.
- 31/07/2017 - XXX Premios Prismas Casa das Ciencias á Divulgación.
- 4/08/2017 – 6/08/2017 Feria de produtos artesanais e ecolóxicos Burela Produart.

Deputación da Coruña
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal